Recensións
Reviews

ABAD ASÍN, Carlota; ALBERT GANDÍA, Paula (2016): *Combina palabras y formula ideas. Propaga tu español a los cuatro vientos... ¡y punto! Niveles B2 y C1.* Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá. ISBN 978-84-16599-71-4; 175 páxs.

Unha vez máis, e un par de anos despois da publicación de Gómez González e Ureña Tormo (2014), a Universidade de Alcalá vén de agasallar o ámbito da fraseoloxía aplicada cun traballo non carente de entusiasmo e utilidade. Así é como o preconizan no seu prólogo Jairo Javier García e Manuel Martí, directores do mestrado *Formación de Profesores de Español* do que proceden Carlota Abad Asín e Paula Albert Gandía, autoras deste novo volume, *Combina palabras y formula ideas. Propaga tu español a los cuatro vientos... ¡y punto! Niveles B2 y C1*.

As autoras achegan un amplo repertorio de actividades que teñen como obxectivo abordar a aprendizaxe de dous tipos de unidades fraseolóxicas: as colocacións complexas no nivel B2 e as fórmulas oracionais no nivel C1 do español como lingua estranxeira (ELE), segundo os postulados do *Marco común europeo de referencia para as linguas* (MCERL) e os inventarios do *Plan curricular del Instituto Cervantes* (PCIC). A dinámica das tarefas presentadas tamén fai moi doado o seu uso como material de apoio nas aulas de Lengua Castellana y Literatura nos niveis da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e de Bacharelato do sistema educativo español. Para ambos os dous contextos, as actividades creadas están distribuídas en secuencias didácticas que atenden ás distintas destrezas lingüísticas (expresión e interacción oral e escrita) nun enfoque comunicativo, dirixido á acción e ao desenvolvemento dunha aprendizaxe autónoma e progresiva.

O primeiro bloque do volume, titulado "Actividades para combinar palabras", traballa coas colocacións complexas que xorden do uso contextualizado de 56 locucións adverbiais. Parte dunha breve reflexión teórica previa para posteriormente desenvolver catro secuencias didácticas que traballan colocacións complexas:

- con verbos de movemento (*andar de un lado para otro, avanzar sobre seguro, ir a la deriva, ir de mal en peor, ir sobre ruedas, marchar viento en popa, salir por pies*);

- con verbos de comunicación ou *dicendi* (*comentar por lo bajinis, decir a la cara, decir con la boca chica, decir con todas las letras, decir lisa y llanamente, espetar a bocajarro, hablar en voz en cuello, hablar en plata, hablar largo y tendido, hablar por los codos, murmurar entre dientes, negar en redondo, preguntar a quemarropa, proclamar a los cuatro vientos*);

- para valorar un obxecto, unha persoa ou unha situación de xeito positivo (*oler / saber a gloria, venir de perilla*) e de xeito negativo (*oler / saber a demonios, oler / saber a rayos, oler a trigre, sentar como un tiro, sentar como una patada en los huevos, sentar como una patada en los cojones*, estas dúas últimas de carácter vulgar).

"Actividades para formular ideas" é o título do segundo bloque do volume. Despois dunha sinxela presentación dos trazos que definen as formulas oracionais, estas páxinas dan conta de 30 destas unidades en tres secuencias didácticas. Nelas trabállanse por exemplo:

- o contido funcional de facer enumeracións abertas (*y demás / o demás, y esas cosas / y todo eso / y todo ese tipo de cosas*, *y tal / o tal*) e pechadas (*y punto, y se acabó, ni nada / ni nada de eso*) así como das que expresan imprecisión ou alternancia (*o así, o algo así, o una cosa así*);

- a manifestación da resignación *(¡qué le vamos a hacer¡ / ¡qué vamos a hacerle¡, ¡qué le vas a hacer! / ¡qué vas a hacerle!, ¡qué se le va a hacer!*);

- o a distintos usos de fórmulas oracionais con referentes relixiosos *(¡Dios mío! ¡Por Dios! ¡Virgen santa!*).

Entre as novidades máis salientables deste traballo de Carlota Abad e Paula Albert están as actividades nas que hai que vincular imaxes a expresións (exercicio 6.2 da páx. 38; exercicio 2 das páxs. 60-61), facer buscas de locucións adverbiais en Google ou en Internet (exercicio 2.1 da páx. 74; exercicio 4 da páx. 76; exercicio 6 da páx. 77), desenvolver xogos (con tarxetas: exercicio 5 da páx. 44; exercicio 7 da páx. 39; exercicio 9 das páxs. 86-87; e mesmo coa pelota: exercicio 10 da p. 108) e resolver encrucillados (exercicio 9 da páx. 123). Tamén hai que adiviñar expresións a partir de xeroglíficos (exercicio 13 das páxs. 53-55) e buscar elementos intrusos en mapas conceptuais (exercicio 9 das páxs. 68-69). Todo este abano de actividades preséntase nunha edición meticulosamente coidada nos distintos formatos das páxinas, coa incorporación de ilustracións procedentes de bancos de imaxes libres de dereitos. Reflicten unha gran creatividade e un esforzo importante ademais dun coñecemento da realidade da aula de aprendizaxe de linguas ben interiorizado por parte das autoras.

O volume péchase coas solucións dos exercicios e con dous glosarios que recollen as unidades estudadas ao longo das súas páxinas. O primeiro glosario, de colocacións complexas, presenta o inventario das locucións adverbiais en orde alfabética, con indicación do nivel de lingua no que deben presentarse (B1, B2 ou C1) e dos verbos cos

que se combinan. A información presentada nútrese fundamentalmente do traballo de Inmaculada Penadés (2005) para a ensinanza do español e dos dicionarios combinatorios de Ignacio Bosque (2004, 2006). O glosario das fórmulas oracionais, pola súa banda, aséntase nos traballos lexicográficos de Manuel Seco, Olimpia Andrés e Gabino Ramos (2004) e de María Moliner (1966-1967[2008[3]]). Ambos os dous glosarios achegan sucintamente pero de forma efectiva a información básica que precisa o usuario do volume para acadar os obxectivos de aprendizaxe que perseguen as autoras.

Damos a benvida a *Combina palabras y formula ideas. Propaga tu español a los cuatro vientos... ¡y punto!* de Carlota Abad e Paula Albert, por ser unha proposta amena, reflexiva e significativa que pon en valor, unha vez máis, o desenvolvemento da competencia fraseolóxica do español. Agardamos que teña unha pronta continuación!

Referencias bibliográficas

BOSQUE, Ignacio (dir.) (2004): *REDES. Diccionario combinatorio del español contemporáneo.* Madrid: Ediciones SM.

BOSQUE, Ignacio (dir.) (2006): *Diccionario combinatorio práctico del español contemporáneo.* Madrid: Ediciones SM.

GÓMEZ GONZÁLEZ, Alba; UREÑA TORMO, Clara (2014): *Locuciones y refranes para dar y tomar. El libro para aprender más de 120 locuciones y refranes del español. Niveles B2 y C1*. Alcalá de Henares: Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá.

MECR - XUNTA DE GALICIA (2005): *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.* Xunta de Galicia (Secretaría Xeral de Política Lingüística) / Consello de Europa / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

MOLINER, María (1966-67 [2008[3]]): *Diccionario de uso del español.* Madrid: Gredos, 2 vols.

PCIC - Instituto Cervantes (2007) *Plan curricular del Instituto Cervantes. Niveles de referencia para el español*. Madrid: Instituto Cervantes / Editorial Edelsa, 3 vols.

PENADÉS MARTÍNEZ, Inmaculada (2005): *Diccionario de locuciones adverbiales para la enseñanza del español.* Madrid: Arco/Libros.

SECO, Manuel; ANDRÉS, Olimpia; RAMOS, Gabino (2004): *Diccionario fraseológico documentado del español actual. Locuciones y modismos españoles.* Madrid: Aguilar.

M. Carmen Losada Aldrey

Universidade de Santiago de Compostela

BÁRDOSI, Vilmos (2017): *Du phrasème au dictionnaire*. Études de phraséographie franco-hongroise. Budapest: E*ötvös* Kiadó. ISBN 978-963-284-846-4, 396 páxs.



Despois do seu dicionario fraseolóxico etimolóxico (Bárdosi, 2015), o fraseólogo-fraseógrafo húngaro publica un manual de fraseografía moi completo e moi ben estruturado, baseado –como nos di o propio autor– nos seus traballos lexicográficos teórico-prácticos realizados nos últimos 30 anos (14 e 303)[1]. Bárdosi fala de trinta anos, data que se pode precisar sinalando que hai 35 anos xa aparecera unha importante achega súa sobre cuestións fraseográficas (Bárdosi 1982).

O traballo está formado por 12 capítulos, citados tamén como *cap.* a continuación. O primeiro capítulo (13-17) é unha introdución xeral na cal se explican brevemente os obxectivos e características desta obra faraónica, xamais feita antes. O *cap.*2. (19-56) é un verdadeiro minimanual de fraseoloxía e fraseografía. A consulta do detallado índice de materias (5-12), o cal se pode baixar de internet (http://www.europhras.org/images/stories/documents/Inhaltsverzeichnisse_etc./Sommaire.Vilmos_Brdosi_2017.pdf), permite comprobar que neste apartado se abordan a maioría das principais cuestións teóricas e prácticas da fraseoloxía: terminoloxía; definicións; características das combinacións estables de palabras (polilexicalidade, lexicalización, significación global/idiomática); clasificación dos frasemas (304) e da fraseografía: a) identificación dos frasemas; b) creación de corpus fraseolóxicos; c) lematización dos frasemas nos dicionarios; d) o lugar dos frasemas dentro dos artigos; e) a forma lexicográfica dos frasemas; f) as marcas de uso dos frasemas; g) o problema do significado fraseolóxico; h) a ilustración do significado fraseolóxico con citas ou exemplos creados polo autor; i) o problema dos equivalentes nos dicionarios bilingües; l) factores técnicos e formais (306). Trátase de cuestións que durante moito tempo provocaron bastantes controversias. Algunhas delas, como por exemplo a lematización das comparacións fraseolóxicas, foron discutidas ata o día de hoxe, cousa que Bárdosi aproveita para propoñer a solución de lematizalas sempre baixo o primeiro elemento nominal ou verbal (306).

O autor húngaro expón de maneira sucinta, mais moi clara, os problemas en cuestión, cf. por exemplo as explicacións sobre as marcas de uso (Les marques d'usage, 47-50). Só nalgunhas ocasións se botan en falta certas referencias, como é o caso da forma canónica dos frasemas verbais en húngaro. Mentres que en francés o verbo normalmente está en infinitivo (47), en húngaro por regra xeral aparece en terceira persoa singular do presente de indicativo (Aproveito a oportunidade para sinalar a presenza dunha errata: *assez*, na segunda liña baixo o punto 2.2.3.7.). Entre as principais cuestións teóricas e prácticas de fraseoloxía e fraseografía –por exemplo entre a variabilidade formal das unidades

[1] N.B.: As cifras que figuran neste texto entre parénteses sen indicar outra fonte refírense a páxinas do libro recensionado.

fraseolóxicas (20) e a identificación dos frasemas para o seu tratamento fraseográfico– hai unha relación íntima. Gloria Corpas Pastor, ao examinar a aparición de proverbios nun corpus de español peninsular actual, notaba a dificultade de localizar certas formas ben coñecidas porque estas frecuentemente aparecían nunha forma modificada (Corpas Pastor 2003, 98). Os autores dun manual de fraseoloxía ruso, editado tamén en galego (Baránov / Dobrovol'skij 2009), consideran que a variabilidade da forma dos frasemas e a súa representación nos dicionarios é unha das cuestións máis importantes no ámbito da fraseoloxía actual (Baránov / Dobrovol'skij 2009, 434).

No *cap. 3.* (57-148), dedicado á historia da fraseografía francesa, preséntanse as características de 230 dicionarios e danse a coñecer os seus autores. Os manuais analizados son, ao igual que no capítulo seguinte, referido ao húngaro, dicionarios monolingües e bilingües, dicionarios de locucións (dicionarios fraseolóxicos) e traballos teóricos. Os materiais anteriores ao século XX preséntanse en orde cronolóxica, e a partir do século XX e moi especialmente a partir da segunda metade de século, Bárdosi examina as seguintes categorías: a) frasemas nos grandes dicionarios analóxicos monolingües; b) dicionarios fraseolóxicos explicativos xerais monolingües (*unilingües* na terminoloxía do autor); c) os «pseudodicionarios» fraseolóxicos explicativos xerais monolingües; d) dicionarios fraseolóxicos explicativos selectivos monolingües; e) dicionarios fraseolóxicos diacrónicos; f) dicionarios fraseolóxicos de argot e rexionalismos; g) dicionarios fraseolóxicos de frecuencia; h) dicionarios de colocacións; i) dicionarios fraseolóxicos bilingües e plurilingües; l) fraseoloxía numérica (295-296). O novo dicionario fraseolóxico etimolóxico húngaro (Bárdosi, 2015) permite ampliar esta lista con esta nova categoría a examinar.

O autor ilustra as súas constatacións cun gran número de citas, reprodución de fragmentos escollidos dos dicionarios analizados (véxase o *cap.* 12. *Liste des figures*, 389-396). A continuación no *cap.* 4. (149-220) temos a historia da fraseografía húngara. O *cap.* 5. (221-276) permite ao lector familiarizarse coa micro e macroestrutura nun total de 111 obras lexicográficas e coñecer o tratamento dos frasemas en 45 dicionarios xerais bilingües franco-húngaros incluídos no número mencionado. No *cap.* 6. (277-289) o autor presenta dous proxectos fraseográficos ambiciosos: a redacción dun novo dicionario de galicismos e a creación dun dicionario sinonímico de frasemas franceses. O *cap.* 7. (*Synthèse et bilan*, 291-299) e o *cap.*- 8. (*Synthèse et bilan en hongrois – Magyar nyelvű összegz**és***, 301-312) –de grande utilidade para o usuario– recapitulan, en francés e en húngaro respectivamente, as informacións máis importantes fornecidas nas unidades precedentes.

Os máis de 900 datos bibliográficos –tal como soa!– recollidos no *cap.* 9. (314-369), permiten completar as informacións sobre diferentes tipos de dicionarios e sobre os máis variados aspectos tratados por diversos autores. O *cap.* 10. é unha breve lista de abreviaturas e signos usados no texto (371). O *cap.* 11., un utilísimo índice de nomes, de títulos de obras, de termos e nocións (373-388) podería ser máis detallado. Sen entrar en detalles, só menciono un exemplo: boto de menos a definición do termo *mot-vedette* que eu –confeso– descoñecía.

En canto á terminoloxía usada por Bárdosi, salta á vista que o termo que figura no título da obra se define do seguinte xeito: "la phraséografie […] est la science et la technique

de la redaction de dictionnaires phraséologiques en tant que branche autonome de la lexicographie" (22). Dos exames presentados máis adiante dedúcese que a fraseografía dedícase tamén a cuestións teóricas e prácticas do tratamento das unidades fraseolóxicas nos dicionarios xerais monolingües e bilingües. En vista disto propoño a reformulación da definición anterior da seguinte maneira: "a fraseografía, unha rama da fraseoloxía, dedícase a cuestións teóricas e prácticas do tratamento das unidades fraseolóxicas (frasemas) nos dicionarios e ocúpase tamén da teoría e práctica da redacción dos dicionarios fraseolóxicos". Ante a riqueza da terminoloxía básica tradicional o noso autor opta por usar como termos xerais as denominacións *frasema*, *fraseografía* cuxo uso referido a séculos *prefraseolóxicos* pode causar certa estrañeza. Penso en formulacións como por exemplo *La formation de la phraseographie française depuis le XIIIe siècle* (294). Sobre a diversidade terminolóxica fraseolóxica e a súa lenta unificación véxase o breve apartado na páx. 94.

Entre os principais resultados dos seus exames (305-307) Bárdosi destaca que segundo el «o pai» da fraseoloxía non é Charles Bally, senón Michel Bréal (89-95, 305), mais confirma que son dous dos traballos que espertaron o interese en diferentes países europeos polas combinacións estables de palabras. Bárdosi constata que os lingüístas franceses comezaron a interesarse polo tema con certo retraso (305-306), o que parcialmente explica o feito de que ata hoxe ninguén realizara a descrición e a clasificación detalladas dos frasemas franceses (306). Os dous fraseólogos rusos mencionados opinan que a fraseoloxía é unha das áreas da lingua que se desenvolve máis dinamicamente e que na actualidade o centro das investigacións sobre fraseoloxía se está desprazando desde Rusia ata Europa Occidental (cf. Baránov / Dobrovol'skij, 21-22). O excelente traballo realizado por Vilmos Bárdosi, editado en Budapest, esixe matizar esta afirmación.

Referencias bibliográficas

BARÁNOV, Anatolij / DOBROVOL'SKIJ, Dmitrij (2009), *Aspectos teóricos da fraseoloxía*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia, 644p.

BÁRDOSI, Vilmos (1982) «Egy új típusú szólásszótár szükségességéről». [De la necesidad de un diccionario fraseológico de tipo nuevo]. *Filológiai Közlöny*, 2-3/1982. 344-355.

BÁRDOSI, Vilmos (2015) *Szólások, közmondások eredete.* Frazeológiai etimológiai szótár. [El origen de locuciones y proverbios. Diccionario fraseológico etimológico]. Budapest: Tinta Könyvkiadó.

CORPAS PASTOR, Gloria (2003) «El uso de paremias en un corpus del español peninsular actual». (En:) *Diez años de investigación en fraseología: análisis sintáctico-semánticos, contrastivos y traductológicos*. Iberoamericana, Madrid – Vervuert, Frankfurt am Main, Lingüística iberoamericana, vol. 20, 83-107.

Károly Morvay

Universidad Eötvös Loránd de Budapest

CASTILLO CARBALLO, Auxiliadora (2015): *De la investigación fraseológica a las decisiones fraseográficas. Un estudio de interrelaciones.* Vigo: Editorial Academia del Hispanismo. ISBN 978-84-16187-04-1; 200 páxs.



Ao abrir o libro *De la investigación fraseológica a las decisiones fraseográficas. Un estudio de interrelaciones*, de Auxiliadora Castillo Carballo, profesora da Universidade de Sevilla, editado pola Editorial *Academia del Hispanismo* en 2015 dentro da colección dirixida por Jesús. G. Maestro, chamada *Biblioteca Contemporánea*, podemos observar que está clasificada como obra de Lexicografía no apartado de Materia. E isto é así porque, como indica a segunda parte do seu título ("las decisiones fraseográficas"), este volume vai dedicado á confección dos dicionarios. Pero non de calquera dicionario, senón dos dicionarios das "unidades fraseolóxicas".

Estruturada en 4 grandes apartados, a obra vén precedida dun prólogo da autora onde xa anticipa o seu obxectivo, o de "establecer una conexión directa entre los estudios y análisis fraseológicos y las decisiones fraseográficas [...]. De este modo, se podrán elaborar diccionarios que se acerquen a la utopía del repertorio léxico perfecto" (p. 14). Con este próposito en mente, pois, a autora aborda no primeiro apartado a cuestión da discriminación das diferentes unidades fraseolóxicas, incidindo na necesidade de aplicar criterios orientados a unha "adecuada anotación lexicográfica" (p.27). En efecto, despois de facer un repaso ás tipoloxías máis coñecidas realizadas para o castelán por reputados linguistas ou fraseológos coma Casares (1950), Zuluaga (1980), Carneado Moré e Tristá Pérez (1985), Corpas Pastor (1996), Ruiz Gurillo (1997), entre outros, e de analizar os diferentes tratamentos lexicográficos que fan diversos dicionarios destas unidades, conclúe que "Las decisiones que se reflejan en algunos diccionarios de introducir unas unidades y descuidar otras contrastan con otras posturas más abarcadoras" (p. 49). Con isto, mostra que estes dicionarios non tiveron en conta as tipoloxías establecidas polos especialistas e que polo tanto hai unha desconexión evidente entre ámbolos dous eidos, o fraseolóxico e o lexicográfico, no ámbito da lingua castelá, non así noutros países, como sinala a autora: "Por el contrario, la elaboración de diccionarios de fraseologismos en la antigua Rusia ha dado lugar a la creación de una rama independiente, que relaciona de manera muy directa la fraseología y la lexicografía, se trata de la fraseografía." (p. 45-46).

A partir da observación desta ausencia de conexión, cada un dos seguintes capítulos vai dedicado á análise pormenorizada do tratamento lexicográfico das unidades fraseolóxicas da lingua castelá por tipo de unidade. Así, o capítulo 2 trata das colocacións, o 3 das locucións e o 4 dos enunciados fraseolóxicos.

Entrando máis no detalle de cada capítulo, podemos ver, no tocante ás colocacións, sobre todo as de tipo léxico –as colocacións gramaticais teñen escasa referencia neste apartado– como, por exemplo, *dar un paseo*, *soltero empedernido*, *plantear un problema* o *zanjar dudas*, que a autora incide no carácter deficiente do tratamento lexicográfico

que se lles dá por parte da maioría dos dicionarios. Nese capítulo, despois de poñer de manifesto a relevancia deste tipo de unidade tanto para un estudante de lingua materna como para un de lingua estranxeira, fai un repaso dos tipos de deficiencias das que soen adoecer os dicionarios na recollida destes elementos (a súa "ubicación caprichosa", o seu rexistro erróneo con etiquetas pouco homoxéneas, o recurso á anotación de colocacións en exemplos sen que estes correspondan á definición do compoñente que serve de entrada etc.) e analiza as virtudes dos que si as incorporan, como é o caso, por exemplo, do *Diccionario del Español Actual*, de Seco, Andrés y Ramos (1999). En resposta a estas deficiencias, e tamén para responder ás necesidades glosodidácticas que os dicionarios deben atender, a autora recomenda que se rexistren as colocacións baixo os dous compoñentes que as conforman (bases e colocativos), pois, "De otro modo, no le [ao estudante] será posible encontrar una colocación que no conoce ni activar una que, momentáneamente, no recuerda" (p. 97). De feito, ao teren as colocacións unha combinatoria moi restrinxida e unha composición de tipo xerárquico onde o colocativo desenvolve un sentido moi específico seleccionado pola base, resulta esencial que o dicionario as recolla conforme ás expectativas dos alumnos que normalmente acoden a eles pola entrada que máis coñecen. Deste xeito, "la operatividad del diccionario de aprendizaje (y también de los generales) estaría asegurada si determinadas informaciones, como estas [las relativas a las combinaciones frecuentes], ocuparan un lugar fijo en el artículo lexicográfico (…)" (p. 103). Outro aspecto que salienta a autora como factor a ter en conta para atopar un tratamento lexicográfico axeitado no tocante ás colocacións léxicas é a relevancia do fenómeno do neoloxismo semántico que soe operar no caso, sobre todo, dos colocativos. En efecto, estes desenvolven, polo seu carácter específico dentro da combinatoria restrinxida, un novo sentido que vén engadirse aos que xa tiñan fóra da combinación. Esta realidade mostra que as colocacións léxicas contribúen a enriquecer o conxunto de significacións de moitos vocábulos, polo que é aconsellable que os dicionarios deixen de resistirse a incluílos e lles fagan un oco.

No capítulo seguinte, dedicado ás locucións, a autora pon de manifesto a falta de consenso entre os especialistas para distinguir as locucions dalgunhas unidades que presentan estruturas afíns a elas. É o caso dos chamados compostos sintagmáticos, en particular aqueles que non presentan unión ortográfica. Na súa análise, contrapón as distintas posicións dos lingüistas, uns que consideran as locucións como un subtipo dentro dos compostos, outros que consideran os compostos (os que teñen unión ortográfica) un subtipo de locucións e finalmente os fraseológos que avogan por separar ámbalas dúas formas con base en criterios de tipo "semántico, morfosintáctico, acentual y ortográfico" (p. 119-120). Esta división de posicións reflíctese ao final nos dicionarios que recoñecen, como é o caso do *Diccionario de la lengua española*, da Real Academia Española (2009), que os límites entre os dous tipos de unidades son polémicos. Fronte a estas dificultades, a autora lembra que un dos criterios máis produtivos para clasificar as locucións é finalmente a da función que desenvolven na estrutura oracional (nominal, adxectiva, adverbial, verbal, prepositiva e conxuntiva). Aínda así, dentro destas categorías existen dúas que poden presentar unha dobre posibilidade de interpretación, as

locucións adxectivas e as locucións adverbiais, constituídas ámbalas dúas por un grupo preposicional co que "pueden desempeñar funciones de adjetivos o adverbios, según las relaciones que establezcan con el entorno lingüístico" (p. 144-145). Os dicionarios poden chegar a etiquetalas dunha maneira (como locucións adxetivas ou ben adverbiais) e elas desempeñar unha función distinta á da súa etiqueta segundo o contexto (p. ex. Yo pago *al contado*/ un pago *al contado*). Fronte a esta situación, a autora propón darlles a estas dobres locucións a categoría de locución adxectivo-adverbial xa que son bifuncionais, porque entende que non se pode "criticar los diccionarios por no recoger un uso, un sentido adecuado, por hacer una mala catalogación, y después no contribuir, desde la reflexión fraseológica, a establecer unos parámetros que permitan una anotación fiable y certera para el que los consulta." (p. 151).

Ese mesmo propósito é o que a leva, no último capítulo, a abordar os diferentes tratamentos que lles dan os distintos dicionarios aos enunciados fraseolóxicos, tanto ás formulas rutineiras como ás paremias. No primeiro tipo de enunciados, as fórmulas rutineiras, observa unha evidente heteroxeneidade na etiquetación dentro dun mesmo dicionario que para unha mesma estrutura emprega un sistema diferente de marcas (*expr., fr., loc. adverbial* etc.). "¿Qué diferencia real existe entre *¡hasta aquí podríamos llegar!* y *¡qué remedio!* para que una sea una frase y la otra, una expresión, aunque las dos se cataloguen como exclamativas?" (p. 159), chega a preguntarse. Ademais desta clara ausencia de planificación nos etiquetados nalgún dicionario, tamén salienta o caso oposto, o da falta total de marcación nalgún outro onde a definición que se aporta destes enunciados empeza diretamente coa secuencia "*Se usa* o *se utiliza para*" (p. 164), sen máis. Na escolma que ofrece a autora, o *Diccionario fraseológico documentado del español actual*, de Seco et al.(2004), representa "un caso especial" (p. 167) por utilizar a abreviatura *fórm. or.* (fórmula oracional) para este tipo de unidade fraseolóxica e especificar o seu uso na *Guía del lector*. En canto ás paremias, o tratamento lexicográfico que se observa ten que ver, en primeiro lugar, coa presenza cada vez máis reducida destas nas entradas dos dicionarios, e en segundo lugar, coa falta de delimitación entre o que son refráns, frases proverbiais ou simplemente frases. Esta confusión na etiquetación pode ocasionar, como consecuencia, unha toma de decisión errada por parte do lexicógrafo posto que, "De ser así, una etiqueta no acertada puede incidir en la inclusión de refranes en una obra en la que se ha decidido eliminarlos, por la decisión de que mejor se encuentran en compilaciones independientes" (p. 174).

Todos estes exemplos que ilustran a falta de anotación adecuada para os distintos tipos de unidades fraseolóxicas reflicten, en definitiva, a necesidade que salienta a autora no título da súa obra, a saber, de que os lexicógrafos e os fraseólogos colaboren á hora de conectar a investigación ás decisións fraseográficas coa finalidade de "dar luz y guiar sin pausa, pero con paso firme, hacia un tratamiento cada vez más homogéneo y sistemático de las unidades en los diccionarios" (p. 184). Estas palabras que pechan o último capítulo do libro serven de conclusión a unha reitarada petición da autora ao longo da obra, a de "paliar los problemas que supone el uso competente de las unidades fraseológicas" (p.

155), palabras que fan eco ao dito nas primeiras páxinas: "lo realmente importante es que para adquirir competencia fraseológica además de otros recursos, se debe contar con diccionarios que dispongan adecuadamente el material dentro de sus páginas, que adopten criterios uniformes, y que, en todo momento, sirvan de ayuda al que los consulta y no originen un efecto contrario." (p.58). Efectivamente, a preocupación da autora xira en todo momento en torno a esta cuestión, á competencia fraseolóxica dos usuarios, e en especial a dos aprendentes de castelán como lingua estranxeira, dos que analizou as necesidades no capítulo 2, no tocante sobre todo ás colocacións por seren as máis importantes para amosar un nivel elevado de competencia lingüística en lingua estranxeira. Neste aspecto, este libro constitúe unha guía para o lexicógrafo ao que a autora lle fai unha serie de recomendacións para coa súa obriga de non "desistir de la labor de mejora del diccionario, que, indudablemente, nos acompaña y nos guía por el fascinante mundo del lenguaje durante toda la vida, desde los primeros años" (p. 59). Estas recomendacións consisten na elaboración de dicionarios adaptados ao tipo de usuario, proporcionando unha información fraseolóxica diferenciada para cada un deles. Na procura deste obxectivo, a autora presentou en 3 capítulos a principal tipoloxía de unidades fraseolóxicas a ter en conta, definindo con rigor, desde a teoría fraseolóxica, as súas características e amosando, desde a práctica lexicográfica, as deficencias na maneira de recollelas, coa finalidade de tender unha ponte entre ambos eidos achegando sempre propostas susceptibles de mellorar o seu tratamento.

Se pasamos a valorar, finalmente, o conxunto desta contribución á fraseoloxía e á fraseografía da lingua castelá, podemos facer un par de observacións:

1) A análise dos dicionarios que fixo a autora, normalmente dicionarios de uso xeral (o *Diccionario de la lengua española*, da Real Academia Española, o D*iccionario General Ilustrado de la Lengua Española. Vox*, o *Diccionario de uso del español*, de María Moliner etc.) mostra que a práctica lexicográfica neste tipo de dicionario foi sempre por detrás da investigación fraseolóxica. Este ir por detrás é comprensible, dalgunha maneira, polo laborioso que é facer, ou nestes casos refacer, un dicionario con larga tradición. Moitos deles naceron antes de saíren as propias tipoloxías fraseolóxicas. Estas foron coñecendo o seu punto álxido na década dos anos setenta do século pasado, e aínda dende aquela estanse a pulir as propostas iniciais á luz dos avances da investigación fraseolóxica actual. A capacidade de reacción e de adaptación do eido lexicográfico a estes avances é loxicamente máis lenta, non soamente por esta cuestión de laboriosidade que supón revisar todas as entradas dun dicionario para adaptalas a novos criterios de etiquetación, senón porque esas propostas realizadas desde a teoría fraseolóxica tiñan e seguen a ter que ser consensuadas e aceptadas por todos os fraseólogos. Aínda así, nalgún destes dicionarios xerais, coma o da RAE (1956, 1973, 1992, 2001, 2009), apréciase unha evolución indicativa de que pouco a pouco se van tendo en conta os avances en fraseoloxía.

2) A inclusión neste estudo de dicionarios coma o de Seco et al. (2004), que leva xa no seu título a palabra "fraseolóxico" (*Diccionario fraseológico documentado del español actual*), presenta melloras sustanciais con respecto aos citados anteriormente. Aínda así, bótase en falta neste apartado a mención ao dicionario de Ignacio Bosque, *REDES: diccionario combinatorio del español contemporáneo* (2004), que tivera aportado seguramente unha luz interesante á analise deste tipo de dicionario máis especializado nas unidades da combinatoria fixa ou restrinxida. En calquera caso, estes dicionarios fraseolóxicos si que tiveron que adoptar decisións de índole fraseográfica, o cal demostra que a investigación fraseolóxica está a introducirse no campo lexicográfico pola vía de dicionarios especializados nestes tipos de unidades. Isto indica que a Fraseografía estase a converter nunha rama da Lexicografía no eido da lingua castelá, como o foi no seu inicio noutras linguas, e que é desde esa rama como se podería achegar a solucionar os problemas formulados pola autora neste libro seu.

Feitas estas dúas observacións, podemos concluír que este volume lanza unha mensaxe clara aos conceptores lexicográficos, animándoos a que revisen os seus criterios de etiquetación no casos das unidades fraseolóxicas á luz dos avances da investigación en materia de fraseoloxía. Deste xeito, contribúe a salientar, ao mellor de forma involuntaria pero que para nós non deixa de ser así, o papel que debe desenvolver a Fraseografía para levar a cabo o cambio de rumbo na toma de decisións, outorgándoselle a esta rama unha dobre función nesta encomenda: a de coller a remuda da investigación fraseolóxica aplicando criterios homoxéneos para o tratamento das unidades fraseolóxicas non só nos dicionarios especializados senón tamén nos dicionarios de uso xeral, e a de transmitir a información fraseolóxica de forma adaptada ao tipo de usuario ao que vai dirixida. Dito isto, agora toca agardar a que ese cambio se realice, dándolles tempo abondo a que nazan os futuros dicionarios e a que se refagan os que xa están feitos, e isto, xa se sabe, "no es tarea fácil", como ben recoñece a propia autora.

María Isabel González-Rey

Universidade de Santiago de Compostela

CRIDA ÁLVAREZ, Carlos Alberto (2017): *Ο παροιμιακός λόγος που γνωρίζουν και χρησιμοποιούν οι σύγχρονοι Έλληνες, με αντιστοιχίες στην ισπανική γλώσσα*. Atenas: Εκδόσεις *ΦΙΛΥΡΑ*. ISBN: 978 618-5270-18-6; 310 páxs.

Carlos A. Crida Álvarez é catedrático do Departamento de Lingua e Literatura Hispánicas da Universidade Kapodistriaca de Atenas e moi destacado especialista no estudo das paremias do grego e do español. O seu libro *Las paremias que conocen y usan los griegos contemporáneos*, con correspondencias no español, que agora recensionamos, é o froito de moitos anos de estudo, que xa cristalizaran na publicación doutros libros anteriores como *Ἀνθολογία ισπανικών παροιμιών και παροιμιοδών φράσεων με αντιστοιχίες στα ελληνικά και αντίστροφα* (*Antología de proverbios y frases proverbiales españolas con correspondencias en griego y viceversa*, Atenas 1999) e *Είναι παροιμίες. Son paremias. Sono proverbi* (Atenas 2005, en colaboración con G. Zoras), ou na súa participación no *Refranero multilingüe* dirixido por Julia Sevilla e María Teresa Zurdo. O presente libro recompila, por primeira vez e de maneira minuciosa e completa, un mínimo parémico da lingua grega, é dicir, empregando a definición do autor, "el menor número de paremias conocidas y usadas por el mayor número de hablantes nativos de esa lengua, sin distinciones de sexo, edad, situación social o cultural".

Na Introdución (páxs. 9-20) expón Carlos Crida os obxectivos do seu traballo, que se diferencia dos grandes repertorios de proverbios gregos (as recompilacións dos beneméritos paremiólogos e paremiógrafos do século XIX, Politis e Venizelos sobre todo, ás que se sumaron posteriormente as coleccións e os estudos levados a cabo por Lukatos, Meraclís, Dulabera, Alexíadis e outros) en que non se trata de realizar unha recompilación que pretenda recoller o acervo parémico grego a partir de coleccións anteriores e de fontes literarias ou históricas, senón de investigar cal é a destreza proverbial dos gregos de hoxe e reunir e explicar as paremias que coñecen e usan verdadeiramente os gregos na actualidade, nestes tempos nos que, tamén entre os falantes nativos de grego, se aprecia unha notable diminución na competencia no uso de paremias.

Tras un longo e laborioso proceso de recompilación e selección, que se expón na Introdución e no que internet desempeñou un papel capital, o autor finalmente escolleu e analizou 352 paremias, das cales 237 son coñecidas e usadas pola maioría dos falantes nativos da lingua grega, e 115 son coñecidas por unha ampla maioría deles mais úsanse relativamente pouco. No libro as paremias aparecen ordenadas non alfabeticamente, senón de acordo co número de informantes que declararon coñecer e usar cada unha delas. Non obstante, a localización e consulta das paremias é sinxela, xa que o libro se completa con respectivos índices de paremias gregas e españolas ordenadas alfabeticamente.

En cada unha das 352 entradas recóllense os seguintes datos e comentarios:

- Variantes da paremia.

- Sinónimos da paremia.

- Rexistro máis antigo que se coñece (por regra xeral remítese aos datos que aporta a gran recompilación de Venizelos).

- Procedencia da paremia (sinálase se é coñecida ou anónima) e uso actual (se é de uso culto ou popular).

- Idea clave.

- Tipo de paremia. Distínguense os seguintes tipos: 1) Paremias bíblicas (βιβλικές παροιμίες), de uso cada vez menos habitual. 2) Gnómicas (γνωμικά) ou apotegmas de procedencia coñecida e xeralmente de uso culto; por exemplo, "mente sana en cuerpo sano" (número 53) ou "conócete a ti mismo" (número 79). 3) 'Paremias' en sentido concreto (παροιμίες), ou ditos de procedencia anónima e uso popular, baseados na experiencia; por exemplo, "más vale tarde que nunca" (número 1) ou os refrans metereolóxicos. 4) Frases proverbiais (παροιμιακές φράσεις), que se diferencian das 'paremias' na estrutura (as frases proverbiais son xeralmente unimembres) e en que carecen de elementos mnemotécnicos; por exemplo, "la esperanza es lo último que se pierde" (número 9) ou "el tiempo es dinero" (número 91); non obstante, a distinción entre 'paremias' e 'frases proverbiais' non é sempre clara: "el silencio es oro" (número 116) clasifícase como 'paremia' e en cambio "el tiempo es dinero" como 'frase proverbial'. 5) Expresións proverbiais (παροιμιακές εκφράσεις); de procedencia descoñecida e uso popular, a súa construción non é completamente fixa, xa que admiten cambios nas categorías gramaticais –tempo, persoa, número, xénero– de acordo co contexto; por exemplo, "a los higos higos y a las barcas barcas" (número 142; é o equivalente do noso "al pan pan y al vino vino") ou "de Escila a Caribdis" (número 195). 6) Diálogos proverbiais (παροιμιακοί διάλογοι); de procedencia descoñecida e uso popular, a súa construción é bimembre ou trimembre, do tipo do español "dijo la sartén al cazo: apártate, que me tiznas". Paremias en sentido concreto e frases proverbiais son os tipos máis frecuentes con moita diferenza; tamén as paremias gnómicas son bastante usuais, e xa moito máis raras son as expresións proverbiais, os diálogos proverbiais, e incluso as paremias bíblicas (bastante máis frecuentes, por certo, no segundo catálogo, o que recolle as paremias que son coñecidas por unha ampla maioría de falantes pero relativamente pouco usadas).

- Significado da paremia.

- Exemplo de uso nun contexto concreto. Ese contexto pode ser xornalístico, literario, procedente de escritos de carácter técnico ou de blogs, etc. Os textos sácanse maioritariamente de internet, o que pode asegurar tamén o uso actual da paremia.

- Notas adicionais.

- Paremia(s) equivalente(s) en español (especifícase o tipo de paremia de que se trata e a súa frecuencia de uso).

O libro de Carlos Crida, en suma, é unha excelente e moi ben estruturada recompilación de paremias, que ademais do interese que pode ter por si mesma e para coñecer de maneira máis precisa a actualidade da tradición proverbial, representa tamén un utilísimo instrumento para a ensinanza da lingua grega a nativos e estranxeiros, e igualmente para o traballo de tradutores e intérpretes ou de investigadores que levan a cabo estudos culturais comparativos.

Fernando García Romero

Universidade Complutense de Madrid

ECHENIQUE ELIZONDO, María Teresa; MARTÍNEZ ALCAIDE, María José; SÁNCHEZ MÉNDEZ, Juan Pedro e PLA COLOMER, Francisco P. (eds.) (2016): *Fraseología española: diacronía y codificación.* Madrid: CSIC, *Anejos de la Revista de Filología Española* 104; ISBN: 978-84-00-10168-8; 358 páxs.

Tódolos estudos lingüísticos se poden enfocar desde unha perspectiva sincrónica ou diacrónica. No ámbito fraseolóxico predominan as achegas do primeiro tipo pero cada vez son máis frecuentes e importantes as de carácter diacrónico, como é o caso da obra obxecto desta recensión.

Nun número anterior de *Cadernos de Fraseoloxía Galega* (15, 2013) tivemos oportunidade de analizar o monográfico de Santiago Vicente Llavata *Estudio de las locuciones en la obra literaria de D. Íñigo López de Mendoza.* Este autor volve aparecer aquí entre os colaboradores porque a Universidade de Valencia estase a converter nun dos centros de referencia deste tipo de estudos, especialmente o grupo de investigación *HISLEDIA (Historia e historiografía de la lengua española en su diacronía)*, que dirixe a doutora e catedrática desa universidade M.ª Teresa Echenique Elizondo, e que ten por prioridade a elaboración do *Diccionario histórico fraseológico del español (DHISFRAES).*

Os restantes editores desta obra, así como a maioría dos colaboradores, forman parte dese grupo de investigación, con sede na universidade levantina pero dispersos por diferentes universidades españolas e europeas (Neuchâtel, Paderborn, Augsburg, Kassel e La Laguna).

Segundo se sinala na *Presentación* deste volume, "la Fraseología histórica de la lengua española, entendida como el establecimiento de la diacronía global de las unidades fraseológicas y la historia particular de cada una de ellas, se ofrece en esta obra como esbozo inicial de tareas que habrán de tener en el futuro próximo un desarrollo mayor" (p. 9). De acordo con esta declaración de intencións, a obra organízase en tres bloques principais, aos que hai que engadir a mencionada *Presentación* (na que se dá conta do grupo de investigación HISLEDIA e dos seus membros e se realiza unha breve síntese de cada un dos traballos incluídos), así como unha completa sección bibliográfica con tódalas referencias utilizadas nos distintos capítulos, e un útil "Índice de palabras y combinaciones fraseológicas" mencionadas ao longo do texto.

O primeiro dos citados bloques ("Diacronía fraseológica del español", pp. 17-55) recolle dous traballos de carácter programático:

- "Perspectivas en el estudio diacrónico de la fraseología en su amplitud hispánica (peninsular, insular y americana)" de M.ª Teresa Echenique, M.ª José Martínez Alcaide e J. P. Sánchez Méndez (pp. 17-32).

- "Relación entre la fraseología histórica y la fraseología regional del español", de G. Ortega Ojeda e M.ª I. González Aguiar (pp. 33-55).

Dado que o proceso de fixación das unidades fraseolóxicas é basicamente un proceso histórico, nestas dúas contribucións trátanse cuestións de tipo metodolóxico relacionadas con este proceso. Unha cuestión importante na que inciden as dúas colaboracións está relacionada coa necesidade de ter en conta a variación diatópica nos estudos de fraseoloxía histórica do español. Na primeira achega faise fincapé na incorporación da fraseoloxía do español de América; na segunda, do español de Canarias. Para os que nos ocupamos da fraseoloxía do galego estas observacións parécennos inobxectables se se teñen en conta as estreitas relacións establecidas entre o galego e o español de América tamén no ámbito fraseolóxico, como puxemos de manifesto na nosa contribución na obra *Lingua, pobo e terra. Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal*, editada por Manuel González González e publicada polo Centro Ramón Piñeiro en 2016 (pp. 245-301).

O segundo bloque ("La fraseología en la historia de la lengua: nuevos enfoques", pp. 59-169) inclúe os seguintes traballos:

- "Aproximación a una fraseometría histórica de la lengua castellana: *el Libro de miseria de omne y el segundo ciclo del Mester de Clerezía*", de Francisco Pedro Pla Colomer (pp. 59-74).

- "Fraseología hispánica medieval y codificación: a propósito de la traducción aragonesa del *Secretum Secretorum* promovida por Juan Fernández de Heredia", por Santiago Vicente Llavata (pp. 75-96).

- "Las traducciones del renacimiento como fuente de conocimiento de la fraseología diacrónica española", de Francisco Javier Satorre Grau (pp. 97-110).

- "Compilación, desautomatización y desarticulación fraseológica en Quevedo", por Dolores García Padrón e José Juan Batista Rodríguez (pp. 111-131).

- "Fraseología del marginalismo en el Siglo de Oro: una aproximación a partir de la narrativa picaresca española", por Encarnación Podadera Solórzano (pp. 133-143).

- "Fraseología y tradiciones discursivas en textos literarios: entre filología y lingüística de corpus", de Angela Schrott e Sandra Issel-Dombert (pp. 145-169).

Como se comproba pola anterior relación, a maioría dos traballos que compoñen a segunda parte do volume dedícanse a tratar diversos aspectos da fraseoloxía histórica en diferentes obras e autores da historia da literatura española, desde a Idade Media ata o século XVIII (século que se toma como inicio do español moderno por fundarse nel a Real Academia Española). Os títulos son suficientemente transparentes con respecto aos temas que son tratados, polo que só faremos algunha aclaración sobre aquelas achegas máis opacas na súa denominación: así o estudo de Satorre Grau trata sobre os problemas que orixina a tradución dun texto por parte dun falante non nativo, exemplificados pola versión que fixo Giovanni Giustiniano da obra *De Institutione Feminae Christianae* de Luis Vives (o seu traballo céntrase na análise dalgunhas frases adverbiais como o probable calco italiano ou valenciano *entre la puerta y la pared* que, por figurar no CORDE, pode inducir a confusión e dar a entender que se trata dunha expresión xenuinamente castelá). Pola súa banda, Schrott e Issel-Dombert analizan construcións coordinadas fixadas en diferentes obras medievais e clásicas (expresións bimembres ou trimembres do tipo de *moros y moras, mugieres e varones*, utilizadas con frecuencia como negación expresiva en secuencias como a cita cervantina "no había *barca ni barco* ni quien le pasase a él"), aspecto que completan cun estudo cuantitativo de tódalas expresión bimembres ou trimembres fixadas que localizan nas *Cartas marruecas* de José Cadalso.

Finalmente, o terceiro bloque ("Las unidades fraseológicas en su historia", pp. 173-316) presenta as seguintes colaboracións:

- "Lexicografía y fraseología histórica: la necesidad de un diccionario histórico fraseológico", de Vicente Álvarez Vives (pp. 173-184).

- "Combinaciones locucionales prepositivas en el Tomo II de la *Primera Crónica General de Alfonso X (Estoria de Espanna)*", de Adela García Valle (pp. 185-224).

- "Formas locucionales prepositivas en los libros y colecciones de sentencias castellanas del siglo XIII", de David Porcel Bueno (pp. 225-236).

- "El origen de algunas locuciones prepositivas en gallego y portugués: análisis de las crónicas medievales", de Amparo Ricós Vidal (pp. 237-256).

- "Fijación y variación en el uso de las locuciones prepositivas en la lexicografía del Siglo de Oro: el *Tesoro de la Lengua Castellana o Española* (1611) de Sebastián de Covarrubias", de Mercedes Quilis Merín (pp. 257-272).

- "La diacronía de *so pena de*", de Viorica Codita (pp. 273-294).

- "*Adefesio*: ¿de la epístola paulina (ad ephesios) a la unidad léxica (adefesio) en español a través de la fraseología?", de María Luisa Viejo Sánchez (pp. 295-316).

Este terceiro apartado comeza cun estudo introdutorio de Álvarez Vives no que analiza o moito que queda por facer no ámbito da fraseografía histórica, factor que xustifica a elaboración por parte do grupo de investigación, a través do proxecto *FRASLEDIA,* do *Diccionario histórico fraseológico del español*, do que se dá noticia. Sinala, neste sentido, que para a fase inicial do dicionario foron seleccionadas tres tipos de UF (as prepositivas, as interxectivas e as adverbiais), elenco que posteriormente será ampliado con outro tipos de unidades: "De hecho, la reducción se debe a la voluntad de presentar en breve algunos resultados" (p. 180).

En consecuencia co mencionado propósito, o groso deste bloque céntrase na análise dos principais esquemas utilizados polo castelán medieval para a formación de locucións prepositivas e das propias locucións prepositivas localizadas nos textos que anteriormente se mencionaron.

Non se nos escapa a importancia que para a fraseografía histórica do español vai supoñer a elaboración do mencionado dicionario, polo que se lle debe dar a benvida a calquera contribución preparatoria do que sen dúbida será unha obra de referencia para a fraseoloxía do español, incluso da sincrónica, porque nos permitirá unha visión xeral dos procesos de fixación (gramaticalización ou lexicalización) das locucións desde os seus inicios como base de contraste coa situación actual (a modo de exemplo, en Ricós Vidal vemos como a locución medieval *acerca de*, sinónima de *cerca de*, foi pasando sucesivamente polos estados de 'aproximación locativa', 'aproximación temporal' e 'asunto ou tema'. Este último valor culminará no século XV, desprazando os anteriores, hoxe desaparecidos en castelán).

Finalizo cunha observación de tipo teórico, relacionada co inventario de locucións preposicionais analizadas no texto. Evidentemente, é moi difícil establecer unha relación precisa porque o proceso de fixación é gradual e por tanto hai múltiples unidades en situación fronteiriza. Con todo, pola nosa formación sintactista considero que non se pode falar de UF alí onde a sintaxe libre permite unha análise regular (por exemplo *lejos de, antes de, cerca de* poden ser analizadas como frases adverbiais con núcleo adverbial antes que como locucións prepositivas –*antes de*– ou conxuntivas –*antes de que*–, salvo que tamén se produza un fenómeno de idiomaticidade con cambio de significado, como sucede en *cerca de* con valor de 'aproximadamente'). Os autores da obra son conscientes de todo isto que acabo de mencionar, e comentan as diversas posturas mantidas sobre este tipo de construcións, aínda que adoptan una perspectiva ampla do proceso de fixación, incluíndoas no seu repertorio de expresións analizadas.

Luis González García

Universidade da Coruña

MELLADO BLANCO, Carmen; BERTY Katrin;, OLZA, Inés (eds.) (2017): *Discurso repetido y fraseología textual (español y español-alemán)*. Madrid: Iberoamericana, Frankfurt am Main: Vervuert. ISBN 978-84-16922-11-6; 304 páxs.



Este libro, publicado por Carmen Mellado Blanco, profesora da Universidade de Santiago de Compostela e investigadora principal do grupo de investigación FRASESPAL; Katrin Berty, profesora da Universidade de Heidelberg especialista en tradución e Inés Olza, investigadora que traballa no eido da fraseoloxía e da análise do discurso, frecuentemente desde unha perspectiva cognitivista, é o resultado dunha selección dos traballos que se presentaron na sección "Fraseoloxía e discurso repetido: de como a linguaxe innova sobre a tradición" do *XX Congreso de la Asociación Alemana de Hispanistas* celebrado na Universidade de Heidelberg entre o 18 e o 22 de marzo de 2015.

Este marco de referencia contribúe a dotar de homoxeneidade o volume, que, onda a presentación das editoras, se conforma en tres bloques temáticos: *I. Contraste y traducción en la fraseología del par de lenguas alemán-español*, o máis extenso, con oito contribucións; *II. Fraseología del español: aspectos discursivos* e *III. Esquemas fraseológicos*, ambos con tres capítulos.

Como sinalan as editoras na presentación (p. 9), o primeiro bloque temático ten por obxectivo estudar os fraseoloxismos desde unha perspectiva interlingüística, ben sexa cun enfoque tradutolóxico ou de uso contrastivo.

Héctor Álvarez Mella e Frank J. Harslem, en "Las unidades fraseológicas como estrategia de traducción alemán-español" (pp. 21-39) danlle a volta á tradicional consideración das unidades fraseolóxicas como problemas de tradución, analizando aqueles casos en que este tipo de expresións se presenta como unha solución de tradución. Os autores, a partir de exemplos tirados das traducións ao español de *Die Vermessung der Welt*, de D. Kehlmann e de *Austerlitz*, de W. G. Sebald, ilustran e clasifican aquelas situacións en que no texto meta se introduce unha unidade fraseolóxica como tradución a unha única palabra ou a unha expresión de carácter libre da lingua fonte. No seu estudo establecen dous apartados, un relativo á tradución con colocacións e outro á tradución con locucións e neles demostran como as unidades fraseolóxicas, en tanto que unidades que conforman o repertorio léxico das linguas, están a disposición dos tradutores como unha estratexia de tradución máis, que eles denominan estratexia fraseolóxica.

No seguinte capítulo, "La traducción en fraseología: el caso de los *falsos amigos*" (pp. 41-54), Mª Ángeles Recio Ariza e J. Agustín Torijano Pérez estudan os falsos amigos ou heterosemánticos fraseolóxicos, entendendo por tales non soamente os fraseoloxismos que coinciden no significado literal e difiren no idiomático, senón en xeral aquelas unidades fraseolóxicas que poden ser fonte de interpretación errada ao careceren na outra lingua dun equivalente coincidente formal e semanticamente. En primeiro lugar, estudan o caso

da expresión *carta branca* tanto desde o punto de vista do seu tratamento lexicográfico en diferentes dicionarios de español, como das solucións de tradución ofrecidas para o portugués e o alemán. Posteriormente ilustran a problemática con algunhas expresións que os autores consideran representantes prototípicas das dificultades que poden xurdir na tradución e conclúen coa necesidade dunha abordaxe holística dos fraseoloxismos, que inclúa contidos de carácter sociolingüístico e cultural.

No terceiro dos capítulos que integran o volume, "El olfato del traductor a prueba. Los somatismos con *Nase* en *Das Parfum*, de Patrick Süskind" (pp. 55-74), de Elena Voellmer e Jenny Brumme, preséntase un interesante e rigoroso estudo sobre o tratamento da fraseoloxía con *Nase* ('nariz') na tradución ao español, inglés, francés e romanés da novela citada. Tras analizar a tradución do propio substantivo *Nase* nun dos fragmentos das primeiras páxinas da obra, as autoras analizan e avalían os mecanismos empregados para a tradución de catro fraseoloxismos somáticos que conteñen tal palabra: *eine feine Nase haben* ('ter un nariz fino'), *jmdm. etwas vor der Nase wegschnappen* ('quitarlle algo a alguén diante dos fociños'), *jmdm. etwas unter die Nase reiben* ('pasarlle algo a alguén por diante dos fociños') e *immer der Nase nach* ('todo dereito'). Finalmente, Voellmer e Brumme analizan os mecanismos empregados para traducir fenómenos de desautomatización de tres somatismos. Nos tres casos analizados, a unidade fraseolóxica transfórmase mediante un proceso de substitución para incluír o substantivo *Nase*. Nas conclusións preséntanse as diferentes estratexias empregadas nas traducións estudadas e saliéntase a relevancia que a este respecto ten o feito de que os fraseoloxismos analizados son *widespread idioms* (Piirainen 2012) e por tal motivo están presentes en todas as linguas estudadas.

A continuación, Aina Torrent estuda algunhas locucións evidenciais en "Las locuciones evidenciales *al parecer*, *por lo visto* y otros frasemas con funciones similares: análisis de uso y reflexiones lexicográficas" (pp. 76-91). O estudo enmárcase no proxecto de elaboración do *Diccionario español-alemán de locuciones del español de España* (DEALEE), dirixido a xermanofalantes e, daquela, de carácter esencialmente decodificador. Tras presentar o concepto de evidencialidade e de locución evidencial ("una locución es evidencial si su significado como expresión fija indica de dónde procede el conocimiento de lo que se está diciendo y/o cómo se pudo acceder al mismo" (p. 78), Torrent presenta e ilustra as diferentes funcións das trece locucións evidenciais analizadas. A continuación a autora estuda o tratamento das expresións en tres dicionarios (dous monolingües e un bilingüe español-alemán) e, tras sinalar os problemas encontrados, ofrece unha proposta de entrada para nove locucións evidenciais no DEALEE, ilustradas con exemplos extraídos da Rede. A sistematicidade e o rigor das entradas presentadas correspóndese perfectamente cos do capítulo que estamos describindo.

A seguinte contribución, de Herbert J. Holzinger e Cecilia López Roig, é unha análise contrastiva español-alemán dos chamados elementos únicos, palabras diacríticas ou palabras ligadas fraseoloxicamente (PLF), isto é aquelas palabras que só se realizan en unidades fraseolóxicas: "*En un plis plas* / *in Handumdrehen*. Un estudio contrastivo español alemán de las palabras ligadas fraseológicamente" (pp. 93-112). Tras xustificar a

denominación e presentar as súas características principais, os autores analizan en primeiro lugar o tratamento lexicográfico deste tipo de formas e das unidades fraseolóxicas que as conteñen en dicionarios de español e de alemán, tanto no que respecta á súa presenza nas obras, como á súa lematización e á información que sobre elas se ofrece. A continuación ofrécese unha análise morfolóxica (estrutura morfolóxica e categoría gramatical) das PLF e unha análise das función sintácticas e da estrutura léxica das expresións con este tipo de palabras. O traballo remata cunhas conclusións que poñen de relevo as principais diferenzas e similitudes entre as PLF do alemán e do español, a necesidade de revisar a visión tradicional destas palabras e a conveniencia de caracterizalas en termos de prototipicidade. O traballo baséase en senllos corpus de ao redor de catrocentas PLF e expresións alemás e catrocentas PLF e expresións españolas, elaborados a partir de recompilacións e traballos previos sobre este tipo de formas e a partir de dicionarios e corpus textuais. Dado o amplo número de formas analizadas e a diversidade de aspectos estudados, este capítulo ofrece unha caracterización moi interesante e completa das PLF do alemán e do español.

Laura Amigot Castillo e Concepción Rico Albert, en "Marchando una de variantes fraseológicas aspectuales. Algunas notas contrastivas español-alemán" (pp. 113-131) estudan a variación aspectual de locucións verbais emocionais (*hacérsele un nudo en la garganta* / *tener un nudo en la garganta*). Tras situar a variación aspectual no marco máis amplo da variación fraseolóxica e presentar unha caracterización das variantes aspectuais, globalmente e no contexto dos fraseoloxismos emocionais, as autoras presentan o corpus estudado e os valores aspectuais con que traballan, incoativo, durativo e terminativo, que se entremesturan cos de causatividade (+ causativo e –causativo). A seguir ilustran e analizan as diferentes oposicións aspectuais / causativas rexistradas no corpus, contrastando os diversos procedementos expresivos existentes en español e alemán para reflectir a variación, e extraen as conclusións da súa análise. O estudo resulta moi interesante, pois, como as autoras sinalan no parágrafo final, a introdución sistemática e rigorosa deste tipo de variantes nos dicionarios e nos materiais didácticos supón todo un reto de cara ao futuro e na liña de reflexión que as autoras abren, gustaríanos suxerir a posibilidade de que algunhas das expresións analizadas deban ser caracterizadas, non como locucións verbais, senón como locucións adxectivas. Debe considerarse, por exemplo, *ponerse de morros* unha locución verbal, ou máis ben a combinación dun verbo e a locución adxectiva *de morros*? Debe falarse de variación fraseolóxica na alternancia *ponerse / estar / quedarse de morros* ou simplemente da combinación de *de morros* con diferentes verbos que amosan distintos valores aspectuais? Debe terse en conta a este respecto que a nómina de verbos combinables coa expresión podería ampliarse (*seguir*, *venir*, *marcharse*…) ou mesmo que a presenza do verbo non é imprescindible: "Y allí lo dejé, de morros".

En "El metadiscurso en la fraseología: la formulación y sus locuciones marcadoras" (pp. 133-150), Ferran Robles i Sabater analiza un tipo especial de marcadores do discurso (MD), os marcadores de reformulación (MR) que, de acordo co autor, "explicitan una ruptura en la dinámica discursiva consistente en un movimiento regresivo de retorno a un segmento textual anterior de la cadena hablada" (p. 134) (*a saber*, *en pocas palabras*,

para ser más exactos…). Tras ofrecer unha caracterización xeral dos MD, e neste marco, dos MR, en español e alemán, Robles i Sabater analiza máis polo miúdo as locucións marcadoras de reformulación, extraídas de textos xornalísticos, desde catro perspectivas (prosódica e ortográfica, léxica, morfosintáctica e textual) e desde un enfoque contrastivo español-alemán. O estudo realizado serve de mostra da complexidade que encerran os MD e da necesidade de levar a cabo unha análise multinivel que se reflicta nas descricións gramaticais e lexicográficas, tal e como recolle o autor nas súas reflexións finais.

O traballo que pecha o primeiro bloque temático, de Sabine Geck, leva por título "Las conceptualizaciones metafóricas de *loco* y *verrückt* como base semántica de fraseologismos y palabras de sentido figurado en español y alemán" (pp. 151-164). Tras presentar un breve panorama histórico-cultural sobre a loucura, a autora ofrece unha descrición semántica de *loco* e *verrückt* a partir dun script e empregando a Metalinguaxe Semántica Natural de Wierzbicka. Como Geck sinala, as causas atribuídas na teoría popular ao peculiar comportamento dos loucos recollido no script están na base das diferentes metáforas que se utilizan para designar os loucos. A partir da análise das expresións figuradas que fan referencia a "una persona que experimenta un estado mental pasajero que se asemeja a la locura" (p. 157) e non a "un louco de verdade", a autora constrúe e ilustra a continuación o modelo metafórico de *louco*, destacando a súa parcial coincidencia co de *parvo*[2]: ESTAR LOUCO É ESTAR ENFERMO, ESTAR LOUCO É NON ESTAR O EU NO SEU SITIO, ESTAR LOUCO É TER A CABEZA DANADA, A LOUCURA É TER UNHA MENTE TURBIA etc. Nas conclusións, a autora reflexiona sobre a redución do contido semántico de *loco* e *verrückt* e sinala as metáforas máis produtivas en español (ESTAR LOUCO É SER UN ANIMAL[3]) e en español e alemán (ESTAR LOUCO É TER UN DANO FÍSICO).

O segundo bloque temático, *Fraseología del español: aspectos discursivos*, ábrese coa contribución de Marina González Sanz, "El discurso repetido en la tertulia periodística de tema político" (pp. 167-187). A autora analiza 638 unidades fraseológicas pronunciadas en programas televisivos ou radiofónicos, incluíndo colocacións, locucións e enunciados fraseolóxicos. Con respecto a estes últimos estuda a presenza de refráns e citas de orixe coñecida e a maneira de integralos no discurso, ben directamente, ben con introdutores que os contextualizan, situándoos xeograficamente, no caso dalgúns refráns, ou ben aludindo, no caso de certas citas, á fonte orixinal. Tras presentar unha breve análise léxico-semántica das expresións estudadas, que pon de relevo a elevada presenza de fraseoloxía procedente do ámbito taurino, a autora ofrece un interesante estudo pragmático-discursivo, en que mostra as diferentes funcións deste tipo rexistradas nas vinte e catro horas de transcrición analizadas, clasificadas en dous grupos: fin mediático (por exemplo, afán coloquializador) e fin ideolóxico (por exemplo, proxección da imaxe).

---

[2] Efectivamente, boa parte das metáforas recollidas pola autora tamén as encontramos nós na nosa análise da estulticia para o galego (Álvarez de la Granja 2011).

[3] A autora sitúa equivocadamente a expresión *estar como un(a) cencerro* baixo esta metáfora. Probablemente debería colocarse baixo ESTAR LOCO É REALIZAR MOVEMENTOS RÁPIDOS, polo movemento continuo que realiza o "cencerro" que leva o animal no seu pescozo.

O discurso político dá paso ao discurso literario no traballo de Elvira Manero Richard "Relaciones (con)textuales de las unidades fraseológicas en el discurso literario: *El capitán Alastriste*" (pp. 189-208). A autora estuda a presenza nesta novela, en contextos lingüísticos próximos a un fraseoloxismo, doutros elementos, léxicos ou de novo fraseolóxicos, que contribúen á interpretación do primeiro ou que establecen vínculos semántico-discursivos con el. En primeiro lugar, a autora clasifica este tipo de vínculos en tres grupos: relacións baseadas no contido semántico-proposicional da unidade fraseolóxica, relacións baseadas nalgún aspecto de carácter pragmático da unidade fraseolóxica e relacións baseadas no noso coñecemento do mundo. Tras presentar as diferentes subclases de relacións en cada grupo, Manero Richard estuda as principais función encontradas para as citadas relacións: facilitar o acceso ao contido textual (en vínculo directo co carácter prefabricado e consabido das unidades fraseolóxicas e coa prominencia textual que moitas veces posúen), estruturar o discurso, permitir a variación estilística e mesmo contribuír á creación do estilo da novela.

A seguir, Ramón Martí Solano presenta "El 'estado del arte' de los calcos fraseológicos en español" (pp. 209-228). O autor estuda un corpus de calcos fraseolóxicos extraídos sobre todo do discurso periodístico e que teñen a súa orixe no inglés e, en menor medida, no francés. Tras presentar as canles de influencia, e amosar algúns exemplos de calcos tirados das linguaxes técnicas ou profesionais e do discurso político, o autor fai un repaso aos principais traballos publicados ao redor da cuestión e amosa os criterios empregados para a selección dos calcos. A continuación, analiza máis en detalle cinco calcos do inglés (*luz verde*, *luz al final del túnel*, *techo de cristal*, *elefante blanco* y *pato cojo*) e tres do francés (*negro sobre blanco*, *de alta gama* e *poner en valor*), mostrando a súa presenza en dicionarios, corpus do español, noutras linguas e ilustrando o seu uso con exemplos reais. O traballo finaliza cunha reflexión sobre a conveniencia de combinar corpus e arquivos xornalísticos na análise dos calcos fraseolóxicos e sobre a necesidade de constituír corpus periodísticos do español, e particularmente do español de México, para poder afondar na investigación sobre o fenómeno abordado na contribución.

O último bloque, *Esquemas fraseológicos*, iníciase co traballo de Berit Balzer "*Erre que erre* / *hart auf hart*: análisis tipológico de la reduplicación léxica en español y alemán" (pp. 231-247). Nesta contribución, Balzer analiza diferentes tipos de reiteración ou reduplicación léxica: a reduplicación asindética (*y tal y tal*, *erre que erre*), cos seus diferentes subtipos, os grupos ecoicos (*tiquismiquis*, *tris tras*) e os binomios fraseolóxicos (binomios acumulativos mediante conxunción coordinada, *contante y sonante*; asindéticos, *a lo hecho, pecho*; pleonásticos, *al fin y al cabo* e antitéticos, *ni fu ni fa*). A autora propón que existe, tanto en español como en alemán, un proceso evolutivo que comeza no balbucido, continúa coas palabras ecoicas e finaliza na reduplicación, con ou sen rima, de opacidade parcial e total, así como unha escala evolutiva, de menor a maior expresividade, que se inicia na redundancia aglutinadora, continúa na reiteración intensificadora e remata no binomio fraseolóxico sen eco nin rima, irreversible e semanticamente opaco.

A continuación, Carmen Mellado Blanco e Belén López Meirama ofrecen unha completa e rigorosa análise dos "Esquemas sintácticos de [PREP + S]: el caso de [*entre* + $S_{plural / corporal}$]" (pp. 249-267). Tras explicar o concepto de esquema sintáctico fraseolóxico (estrutura recorrente parcialmente fixa, con elementos fixos e con casiñas libres, pero sometidas a certas restricións semántico-combinatorias, e cun significado que non pode considerarse totalmente composicional), as autoras comezan a análise mostrando o valor de *entre*, primeiro xeral e despois no esquema analizado (*entre murmullos*, *entre sollozos*, *entre bromas y risas*…). Nestas expresións, Mellado e López Meirama identifican un valor mixto: temporal de simultaneidade e modal. A continuación as autoras analizan as características semánticas dos substantivos (S) que ocupan a casa baleira, prototipicamente substantivos de comunicación verbal ou de expresión corporal que aluden a emocións e/ou que designan aprobación ou desaprobación, e estudan tamén as posibilidades de expansión de S, con frecuentes casos de modificación e de coordinación. O paso seguinte é a descrición do valor do esquema fraseolóxico, que adoita combinarse con verbos de comunicación e de desprazamento e que é especialmente característico dun rexistro elevado e literario: de acordo coas autoras, a estrutura estudada introduce unha circunstancia temporal-modal simultánea á acción principal e posúe un valor enfatizador que pon de relevo o seu contido emotivo.

O traballo que cerra a sección e o libro está asinado por Carmela Pérez-Salazar e leva por título "*Ni por lumbre*: modelo fraseológico para la negación y el rechazo en la historia del español" (pp. 269-298). Nesta contribución, que pon de manifesto o interese e a viabilidade da análise fraseolóxica desde unha perspectiva diacrónica, a autora estuda o percorrido histórico das unidades fraseolóxicas con estrutura *ni (aun)* + [*por* + sustantivo] –*ni(n) (aun) por sueño(s)* / *pienso* / *pensamiento* / *lumbre*; *ni (aun) por asomo* / *el forro* e variantes– empregadas para enfatizar a negación en español ou para expresar forte rexeitamento. O estudo comeza coa análise e ilustración do uso de *ni(n)* en estruturas libres formalmente similares ao esquema fraseolóxico indicado recollidas en textos do español medieval, estruturas que están na orixe das expresións analizadas no traballo. Tras amosar os datos cuantitativos e a distribución cronolóxica de cada unha delas, a autora analiza as secuencias unha a unha desde a perspectiva da súa presenza en corpus, do seu significado (literal vs. idiomático), das variantes que posúen, do seu valor pragmático e do seu tratamento lexicográfico, tentando deseñar cadanseu percorrido evolutivo.

As catorce contribucións que constitúen este volume son unha mostra evidente da diversidade de enfoques e perspectivas de estudo que permite a fraseoloxía. O libro achéganos ao tratamento das unidades fraseolóxicas no proceso de tradución e, desde unha perspectiva contrastiva ou monolingüe, á análise de diferentes tipos de unidades fraseolóxicas (as locucións evidenciais, as locucións marcadoras de reformulación, as expresións con palabras ligadas fraseoloxicamente e os calcos fraseolóxicos), ao estudo da variación fraseolóxica, das metáforas conceptuais que se agochan baixo determinadas unidades fraseolóxicas, ao estudo dos fraseoloxismos en certos discursos e á análise de esquemas fraseolóxicos, desde unha perspectiva sincrónica ou diacrónica. Ademais, o volume, coidadosamente editado, pon de relevo, unha vez máis, a conveniencia e o

interese de levar a cabo a análise a partir de corpus que fornezan exemplos reais de uso que, máis alá de apriorismos, nos permitan coñecer o verdadeiro funcionamento dos fraseoloxismos. Trátase, pois, dunha obra de enorme interese para calquera que traballe sobre o discurso repetido, pois, de seguro, encontrará nela puntos de encontro coa súa investigación e cabos do que tirar para avanzar no coñecemento, multifacético, das unidades fraseolóxicas.

Referencias bibliográficas

ÁLVAREZ DE LA GRANJA, María (2011): "*Agudo coma un allo o burro cego*. La conceptualización de la inteligencia y de la estulticia a través del lenguaje figurado gallego", en KALDIEVA-ZAHARIEVA Stefana; ZAHARIEVA, Radostina (eds.): *Linguistic studies in honour of Prof. Siyka Spasova-Mihaylova*; 377-413.

PIIRAINEN, Elisabeth (2012): *Widespread Idioms in Europe and Beyond: Toward a Lexicon of Common Figurative Units*. New York: Peter Lang.

María Álvarez de la Granja

Instituto da Lingua Galega-Universidade de Santiago de Compostela